



Guía Docente

Datos Identificativos				
			2016/17	
Asignatura (*)	Lingua Portuguesa	Código	710476009	
Titulación	Mestrado Universitario en Patrimonio Cultural: A Eurorexión Galicia-Norte de Portugal			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Portugués			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web				
Descrición xeral	<p>Estudo descritivo-instrumental da lingua portuguesa, así como do proceso histórico do sistema lingüístico galego-portugués que acabou na expansión internacional da lingua e na existencia de varias normas. Perséguese que o alumnado sexa quen de ler e se expresar cun mínimo de corrección en portugués, tanto oralmente como por escrito, para o que deberá adquirir as competencias do nivel A2 (usuario básico, grao elevado do nivel elemental), dentro dos seis niveis que se distinguen no "Marco común europeo de referencia para as linguas".</p>			

Competencias do título

Código	Competencias do título
A1	Coñecer o patrimonio cultural do Noroeste peninsular dende un punto de vista diacrónico.
A2	Estar capacitado para investigar en temas de patrimonio cultural eurorrexional.
A3	Coñecer os diferentes bens e recursos patrimoniais que identifican tanto a Galicia como ó Norte de Portugal, para o desenvolvemento de convenios de colaboración e conservación conxuntos.
A5	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento en temas eurorrexionais.
A8	Coñecer linguas modernas: uso correcto, oral e escrito, das linguas propias da eurorexión.
A14	Ter capacidade de integración en equipos multidisciplinares galegos e portugueses: saber traballar con equipos internacionais.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B9	Capacidade de análise e de síntese aplicada á xestión e organización da
B10	Capacidade de xestión da información relevante.
B13	Coñecemento falado e escrito dunha lingua estranxeira (con preferencia inglés).
B14	Capacidade de organización e planificación do traballo propio.
B16	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade no ámbito do exercicio
B19	Motivación e compromiso cara a calidade nas actuacións profesionais.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer o proceso histórico do sistema lingüístico galego-portugués que acabou na expansión internacional da lingua e na existencia da varias normas.	AI1 AI2 AI3 AI5	BI1 BI3 BI8 BI9 BI13 BI18	CM3 CM4 CM6 CM7 CM8
Coñecer as principais variedades do portugués empregadas na actualidade.	AI8	BI1 BI3 BI8 BI9 BI12 BI13 BI15 BI18	CM2 CM3 CM4 CM6 CM7 CM8
Ser capaz de ler en portugués.	AI8	BI1 BI4 BI12	CM2
Ser capaz de expresarse en portugués, tanto oralmente como por escrito, cun mínimo de corrección.	AI8 AI14	BI1 BI4 BI12 BI13	CM2 CM7
Valorar el potencial que ofrece o galego como instrumento útil para o mundo lusófono en que se inscribe.	AI14	BI1 BI4 BI15	CM4 CM7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción histórica	1.1. A unidade lingüística galego-portuguesa 1.2. Galiza e o Norte de Portugal 1.3. Aproximación ás variedades lingüísticas no ámbito galego-portugués
2. Apresentar(-se) e despedir-se. Cumprimentar e dar informacións de carácter persoal	2.1. Alfabeto e ortografía: relación grafema-fone; cuestións de coarticulación; acentuación gráfica e fonológica 2.2. Información persoal (morada, estado civil, profesión, nacionalidade). Formas de tratamento
3. Descrever persoas física e psicológicamente	3.1. Feminino e plural dos nomes e adxetivos 3.2. Presente do Indicativo dos verbos regulares 3.3. Construción perifrástica estar + infinitivo 3.4. Corpo humano. Cores
4. Localizar e describer lugares, pedir informacións sobre lugares e indicar direccións. Seguir un mapa	4.1. Artigos e contrações. Possessivos. Demonstrativos 4.2. Casa. Cidade. Lojas
5. Reservar un cuarto no hotel. Perguntar e dizer as horas	5.1. Presente do Indicativo dos verbos irregulares. 5.2. Interrogativos 5.3. Números cardinais e ordinais
6. Pedir no café, no restaurante e noutras lojas. Perguntar prezos e pedir artigos em lojas. Expressar preferéncia	6.1. Pretérito Perfeito Simple, Pretérito Imperfeito e Pretérito Mais-Que-Perfeito Simple do Indicativo 6.2. Compras. Roupas. Refeições, comidas e bebidas
7. Falar de accións da vida cotidiana que decorren no momento	7.1. Grau dos adxetivos e dos advérbios. Locucións adverbiais de tempo, lugar e modo 7.2. Día a día e lazer. Viaxens e medios de transporte



8. Escrever cartas	8.1. Pronomes pessoais. Colocação dos pronomes pessoais 8.2. Verbos reflexos 8.3. Família
9. Falar de festas e tradições. Comparar países e hábitos	9.1. Preposições e locuções prepositivas. Construções perifrásticas andar + inf., haver de + inf., costumar + inf., ter de + inf., conseguir + inf. 9.2. Meses, estações e épocas festivas do ano
10. Fazer planos para as férias e o tempo livre. Convidar, aceitar e recusar. Concordar e discordar. Pedir desculpas	10.1 Futuro do Indicativo. Imperativo 10.2 Atividades do tempo livre. Desportos
11. Falar sobre o tempo climatérico	11.1 Infinitivo pessoal 11.2. Clima
12. Ir ao médico. Aconselhar e dar instruções	12.1. Particípio passado. Particípios duplos. Voz activa e voz passiva 12.2. Saúde
13. Falar sobre acontecimentos passados e futuros. Argumentar e defender pontos de vista	13.1 Falsos amigos 13.2 Expressões de cortesia

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral		4	1	5
Traballos tutelados		1	6	7
Proba obxectiva		2	2	4
Análise de fontes documentais		6	6	12
Lecturas		0	6	6
Presentación oral		2	6	8
Discusión dirixida		6	2	8
Actividades iniciais		1	0	1
Recensión bibliográfica		1	4	5
Estudo de casos		3	6	9
Aprendizaxe colaborativa		2	6	8
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor de contidos teóricos.
Traballos tutelados	O alumnado deberá desenvolver un traballo tutelado polo profesor responsábel da materia. Os prazos para a determinación do tema, as sesións de atendimento e a entrega do mesmo serán anunciados na primeira sesión presencial.
Proba obxectiva	O alumnado deberá superar determinadas probas (orais e escritas) durante o cuadrimestre. O número e natureza destas probas serán determinados nas primeiras sesións presenciais.
Análise de fontes documentais	Análise de documentos audiovisuais ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou filmes, noticias de actualidade, gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos legislativos, etc.) como instrumento de aplicación de estudo de casos.
Lecturas	O alumnado deberá ler unha serie de obras sinaladas polo profesor que servirán de fonte para a profundización dos contidos traballados. Ademais, para un óptimo aproveitamento das sesións, deberá ter leído e analizado previamente artigos especializados que se indiquen para cada sesión.
Presentación oral	O alumnado deberá realizar a presentación oral de algúns supostos prácticos de expresión oral en lingua portuguesa que o profesor presentará durante as sesións presenciais e, eventualmente, tamén do traballo tutelado.



Discusión dirixida	Los alumnos participarán en discusións dirixidas polo profesor sobre temas atinentes aos contidos da materia. Previamente, deberán preparar as discusións, estudando o léxico e as destrezas que a discusión demande.
Actividades iniciais	Actividades de sondaxe das competencias previas do alumnado en lingua portuguesa e de presentación dos obxectivos, metodoloxías e mecanismos de avaliación do curso.
Recensión bibliográfica	Lectura crítica de libros ou artigos, atendendo á análise do seu contido en relación á literatura existente sobre o tema, a outras obras coñecidas do mesmo ámbito ou á propia experiencia do alumnado.
Estudo de casos	Perante a descrición dunha situación específica de comunicación, o alumnado (de maneira individual ou en grupo) realizará dous tipos de actividades: nuns casos, recoñecer as variantes lingüísticas presentes e proceder ao estudo do léxico e a morfosintaxe (e, cando o soporte documental o permitir, tamén a fonética); noutros, defrontarse de maneira práctica aos reptos comunicacionais da situación presentada (ora oralmente, ora por escrito), atendendo ás cuestións gramaticais -con especial atención ás pragmáticas. A adaptación á situación real proposta das solucións fornecidas polos participantes serán discutidas e avaliadas nun proceso de práctica oral da lingua até alcanzar unha decisión razoada.
Aprendizaxe colaborativa	O alumnado realizará traballos que supoñan contraste de ideas e estratexias, retroalimentación e aprendizaxe colaborativa cos compañeiros.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Relativamente á realización do traballo tutelado, será preciso consultar o profesor para determinar o tema, as estratexias de realización e as fontes documentais que podan resultar de utilidade. Nas discusións dirixidas e nos estudos de casos, o profesorado analizará a evolución de cada alumno e as dificultades específicas que presente e, cando for preciso, programará sesións de atendimento personalizado para atender estas cuestións.
Proba obxectiva	
Presentación oral	
Discusión dirixida	
Lecturas	
Análise de fontes documentais	
Actividades iniciais	
Estudo de casos	
Aprendizaxe colaborativa	

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados		O traballo tutelado será avaliado cun 15% da cualificación final. Para a súa avaliación terase en conta tanto os resultados do mesmo como a entrega nos prazos determinados e a realización das sesións de atendimento personalizado que foren marcadas.	15
Proba obxectiva		Os exercicios especiais de avaliación (orais ou escritos) proporcionarán o 40% da cualificación final.	40
Presentación oral		A presentación oral do traballo tutelado e cantas foren realizadas durante o curso será avaliada cun 15% da cualificación final.	15
Discusión dirixida		Serán avaliadas tanto a correcta preparación como a participación activa nas discusións dirixidas.	10
Análise de fontes documentais		A participación activa na análise de documentos audiovisuais ou bibliográficos como instrumento de aplicación de estudo de casos será avaliada cun 10% da cualificación final.	10
Estudo de casos		As actividades de estudos de casos (recoñecemento de variedades lingüísticas, defrontamento de situacións comunicacionais concretas, debates sobre a adaptación das solucións fornecidas polos participantes á situación proposta etc.) serán avaliadas cun 10% da cualificación final.	10



Observacións avaliación

Avaliarase una serie de pequenos traballos tutelados (de fonética, morfosintaxe, léxico, semántica...) que serán expostos oralmente ora nas sesións presenciais, ora nas de atención personalizada. Realizaranse igualmente as probas escritas e/ou de laboratorio que se consideraren necesarias. O alumnado de ensino semipresencial ou con dispensa académica deberá participar através de ferramentas de comunicación asíncrona. En xullo o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior, incluída a proba de ensaio. Caso de non ter realizado durante o cuadrimestre algunha das actividades avaliábeis, abrirase un novo prazo para a súa presentación.

Fontes de información

Bibliografía básica

- (2008). Acordo ortográfico: guía práctico. Porto: Porto Editora
 - Castro, Ivo (1991). Curso de Historia da Língua Portuguesa. Lisboa: Universidade Aberta
 - (2009). Dicionário da Língua Portuguesa. Porto: Porto Editora
 - Vázquez Cuesta, P. / Luz, M^a A. Mendes da (1971). Gramática da Língua Portuguesa. Lisboa: Edições 70
 - Mateus, Maria Helena et alli (orgs.) (2003 (5^a ed. revista e aumentada)). Gramática da Língua Portuguesa. Lisboa: Caminho
 - Faraco, C. E. / Moura, F. M. (2003 (14 ed.)). Gramática Nova. São Paulo: Editora Ática
 - Mariño Paz, Ramón (1998). Historia da lingua galega. Compostela: Sotelo Blanco
 - Teyssier, Paul (1990). História da Língua Portuguesa. Lisboa: Sá da Costa
 - Hauy, A. B. (1989). História da Língua Portuguesa. Vol. I: Séculos XII, XIII e XIV. São Paulo: Ática
 - Maia, C. de Azevedo (1997 (1986)). História do Galego-Português. Estado Linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o Século XIII ao Século XVI (Com Referência à Situação do Galego Moderno). Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian /JNICT
 - Castro, Ivo (2006). Introdução à História do Português. Lisboa: Colibri
 - Ribeiro, Manoel Pinto (2007 (17^a ed.)). Nova Gramática aplicada da língua portuguesa; uma comunicação interativa. Rio de Janeiro: Metáfora Editora
 - Cunha, C. Ferreira da / Cintra, L. F. Lindley (2007 (14^a ed. rev. e ampliada)). Nova Gramática do Português Contemporâneo. Lisboa: Sá da Costa
 - Gomes, Francisco Álvaro (2008). O acordo ortográfico. Moatosinhos: Edições Flumen
 - Houaiss, Antônio (1992). O Português no Brasil. Rio de Janeiro: Ed. Revan
 - Silva, Mendes (1982). Português contemporâneo. Lisboa: Instituto da Cultura e da Língua Portuguesa
 - Bergström, Magnus / Reis, Neves (1997 (42^a ed.)). Prontuário Ortográfico e Guia da Língua Portuguesa. Lisboa: Editorial Notícias
- Recursos em linha
Ciberdúvidas da língua portuguesa: <http://www.ciberduvidas.com/respostas.php>
Dicionário Priberam da Língua Portuguesa: http://www.priberam.pt/dlpo/definir_resultados.aspx?bibliografia
Infopédia. Enciclopédia e dicionários Porto Editora: <http://www.infopedia.pt/lingua-portuguesa/ANDAIME>, RECURSOS LINGUÍSTICOS: <http://andaime.eu/node/34>

Bibliografía complementaria

- Fontenla, José Luís (1990). "Lusofonia e ortografía", en Temas do Ensino vol. VI. Ressurgimento galego, essa lusofonia: 45-56.
- Castro, Ivo (1987). "O Linguista e a Fixação da Norma", in Mendes e Freitas (orgs.) Actas do XVIII Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística. Lisboa: APL
- Castro, Ivo / Duarte, Inês e Leiria, Isabel (orgs.) (1987). A Demanda da Ortografia Portuguesa. Comentário do Acordo Ortográfico de 1986 e subsídios para a compreensão da Questão que se lhe seguiu. Lisboa: Edições João Sá da Costa
- Nogueira, Camilo (2001). A memoria da nación. O reino de Gallaecia. Vigo: Xerais
- Leite, Yonne / Callou, Dinah (2002). Como falam os brasileiros. Rio de Janeiro: Jorge Zahar Editor
- Cunha, Antônio Geraldo da (1982). Dicionário Etimológico da Língua Portuguesa. Rio de Janeiro: Nova Fronteira
- Cintra, L. F Lindley (1983). Estudos de Dialectologia Portuguesa. Lisboa: Livraria Sá da Costa



Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías